

Unha alumna viguesa gana o concurso de Nova Pescanova “Grumetes polo futuro do mar”

- Coa iniciativa, á que se presentaron 400 nenos de entre 8 e 12 anos de toda Galicia, a compañía conmemora o Día das Letras Galegas.
- Cayetana Alonso, alumna de 6.º de educación primaria do Colexio San Miguel II de Vigo, resultou gañadora co seu relato poético “A viaxe dunha botella”.
- Iria Mei Blanco (6.º EP - CEIP Mestre Vide de Ourense) e Sara Antía Fernández (6.º EP – CRP San José-Josefina de Ourense) foron as dúas finalistas por “A tartaruga Balula” e “Robinsón Crus-oil”, respectivamente.

Vigo, 16 de maio de 2021 .- Cayetana Alonso, alumna de 6.º de educación primaria (E.P.) do Colexio San Miguel II de Vigo, foi a gañadora de “Grumetes polo futuro do mar”, o primeiro concurso de relato infantil en galego organizado polo Grupo Nova Pescanova para **conmemorar o 17 de maio, Día das Letras Galegas**. A través desta iniciativa, a compañía busca **favorecer a concienciación entre os máis novos** da importancia de coidar os océanos, mares, así como dos recursos mariños.

“**A viaxe dunha botella**” é o conto escrito por Cayetana **Alonso**, que en forma de poesía explica a travesía polo mar dunha botella reciclable, á que dota de personalidade e que, ao longo do seu percorrido, se atopa con todo tipo de especies mariñas, e dáse conta de que ese non ten que ser o seu fogar. O xurado valorou a concienciación sustentable, a creatividade do relato, así como a súa expresión e o bo uso da lingua galega.

As dúas finalistas de “**Grumetes polo futuro do mar**” foron **Iria Mei Blanco** (6.º de E.P. no CEIP Mestre Vide de Ourense) con “**A tartaruga Balula**” e **Sara Antía Fernández** (6.º de E.P. no CPR San José-Josefina de Ourense) con “**Robinsón Crus-oil**”.

No concurso **participaron preto de 400 nenos de entre 8 e 12 anos, procedentes de 60 centros educativos das catro provincias galegas**. Os relatos foron valorados por un xurado composto polas direccións corporativas de Comunicación e Relacións Institucionais e a de Responsabilidade Social Corporativa do Grupo Nova Pescanova, así como pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e o Foro Enrique Peinador.

Ignacio González, CEO do Grupo Nova Pescanova, destacou “a alta sensibilización que os nenos teñen sobre a importancia de preservar a nosa contorna mariña como única vía para garantir o futuro das especies. Esta responsabilidade é compartida coa compañía e evidénciase coa nosa contribución aos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS)”. Ademais, destacou a implicación dos centros educativos, que animaron o alumnado para reflexionar sobre que podemos facer hoxe para preservar os nosos mares e océanos no futuro, unha iniciativa coa que continuaremos a través da posta en marcha de diferentes concursos para xente nova de toda España.

Sobre o Grupo Nova Pescanova

O Grupo Nova Pescanova é unha multinacional galega líder do sector, especializada na pesca, cultivo, elaboración e comercialización de produtos do mar, tanto frescos, refrixerados como conxelados. Emprega a máis de 10 000 persoas en 19 países de Europa, América, África e Asia. Baixo a marca Pescanova, vende os seus produtos en máis de 80 países de todo o mundo.